



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 25 de xaneiro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

4.- RECTIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2018”. EXPTE. 14538/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Emprego, o concelleiro delegado da Área e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1º) Con data 11/01/2018, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar a convocatoria e as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2018 (expte. 14.538/77).

2º) As devanditas bases foron publicadas no BOP da provincia de Pontevedra nº 16, do martes 23/01/2018.

3º) Na **Base 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**, dentro do apartado 1.1 referido á **colaboración coa concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral**”, advírtese erro no parágrafo final cando se indica que: *“No caso de que a colaboración non obteña a puntuación mínima de 2 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude”*, o que entraría en colisión cos principios xerais de publicidade, transparencia, concorrencia, obxetividade, igualdade e non discriminación, previstos nos artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións e do artigo 5 da Lei de Subvencións de Galicia, respecto das entidades solicitantes que concorren por primeira vez á presente convocatoria.

Xa que logo, cómpre a urxente rectificación do erro detectado no devandito apartado 1.1 da Base 10, suprimindo o mencionado párrafo en aras do cumprimento dos principios esixidos nos artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións (LXS) e do artigo 5 da Lei de Subvencións de Galicia (LSG) e, en liña coa xestión que ven desenvolvendo esta Concellería de Emprego nas sucesivas convocatorias de subvencións para o fomento do emprego, en aras de lograr a máxima concorrencia en condicións de igualdade.

Publicar, unha vez aprobada a presente rectificación das bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro para o ano 2018”, nos seguintes termos:

- A rectificación das bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- Os modelos de formularios oficiais que se achegan e que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/05/2024 07:42

Páxina 1 de 3

SUBVENCIONS

CSV: A9A442-C43F31-D7A189-JJ2EKQ-5CLJW8-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Rectificar o erro advertido nas bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro correspondentes ao ano 2018, **suprimindo o parágrafo final do apartado 1.1 da Base 10ª** por entrar en colisión cos principios xerais das subvencións públicas do art. 8 LXS e do art. 5 LSG, de xeito que a Base 10ª quedaría co seguinte tenor literal:

“ Base 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarse en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

1. **Colaboración no desenvolvemento de actividades de fomento do emprego:** Ata 10 puntos.
 - 1.1. **Valorarase a colaboración coa concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nas accións de fomento do emprego, da formación, o asesoramento e a inserción laboral.**
 - a) **Participación en convocatorias de fomento do emprego** ata 4 puntos:
 - Tres (3) ou máis convocatorias 4 puntos
 - Dúas (2) convocatorias 3 puntos
 - Unha (1) convocatorias 2 puntos
 - b) **Outras colaboracións** ata 2 punto
 - c) **Calidade das xustificacións do importe das axudas (*)** ata 4 puntos:
 - Xustificación inferior ou igual ao 25% da axuda 2 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 50% e superior ó 25% 2,5 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 75% e superior ó 50% 3 puntos
 - Xustificación inferior ou igual ao 85% superior ó 75% 3,5 puntos
 - Superior ó 85% 4 puntos

(*) Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de “Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro”, inmediatamente anterior á presente convocatoria.
2. **Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto.-** Ata 10 puntos.
 - 2.1. **Valoraranse o proxecto de actividades, atendendo ás mesmas de maneira individual e tendo en conta:**
 - a) **Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais.** Ata 3 puntos
 - b) **Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno, que teñan unha viabilidade técnica, sexan interasociativos e incidan no entorno.** Ata 2 puntos
 - c) **Estean dirixidos á promoción dos sectores de poboación mais desfavorecidos.** Ata 2 puntos
 - d) **Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na realización das actividades que fundamentan a concesión da subvención.** Ata 1 punto
 - e) **Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede.** Ata 1 puntos
 - f) **Número de actividades desenvolvidas, a diversidade de contidos, a súa duración.** Ata 1 punto

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de cinco puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.
3. **Calidade e cantidade dos contratos.-** Ata 30 puntos.
 - 3.1. **Número de beneficiarios/as** 1 punto por contrato.
 - 3.2. **O tempo de duración do contrato:**
 - a) 2 meses 1,00 puntos por contrato.
 - b) 3 meses 1,25 puntos por contrato.
 - c) 4 meses 1,50 puntos por contrato.
 - d) 5 meses 1,75 puntos por contrato.
 - e) 6 meses 2,00 puntos por contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 07:42	Páxina 2 de 3
SUBVENCIONS	CSV: A9A442-C43F31-D7A189-JJ2EKQ-5CLJW8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

f) 7 meses ou máis 2,25 puntos por contrato.

3.3.Xornada:

a) Completa	1,00 puntos por contrato
b) Reducida superior ao 50% da xornada	0,75 puntos por contrato
c) Reducida igual ou inferior ao 50% e superior ao 15%	0,50 puntos por contrato
d) Reducida igual ou inferior ao 15%	0,25 puntos por contrato

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo.”

SEGUNDO: Publicar, unha vez aprobada a presente rectificación das bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro para o ano 2018”, nos seguintes termos:

- A rectificación das bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- Os modelos de formularios oficiais que se achegan e que se publicarán na páxina web (www.vigo.org) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/05/2024 07:42	Páxina 3 de 3
SUBVENCIONS	CSV: A9A442-C43F31-D7A189-JJ2EKQ-5CLJW8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		